

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 5887/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

DECRETO DE ALCALDÍA

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto :

1.- A proposta emitida polo Concelleiro Delegado de Recursos Humanos D. Francisco Jesús Represas Carrera, no que se recolle: *“ Na Relación de Postos de Traballo e na plantilla de persoal do Concello, existen 2 prazas de Socorristas persoal laboral, con códigos: 04.01.02.13 e 04.01.02.14, pertencentes ao grupo 3.2, coas seguintes funcións:*

- *velar pola seguridade das persoas usuarias.*
- *Informar ás persoas usuarias das normas de seguridade na praia fluvial e instalacións.*
- *Prestar os primeiros auxilios que sexan precisos.*
- *Coidar que o comportamento das persoas bañistas e usuarias axústese á normativa vixente, cumprimento das normas e uso correcto das instalacións, chamando educadamente a atención de ser necesario.*
- *Atención ao público en xeral e a determinados colectivos máis vulnerables. Atender e resolver as dúbidas das persoas usuarias da praia fluvial.*
- *Colaborar co equipo, cas persoas usuarias e cos servizos de emerxencias.*
- *Vixiar, verificar, supervisar e contrastar o estado das instalacións e da zona.*
- *Planificar, organizar e coordinar os recursos dispoñibles.*
- *Efectuar o seguimento do material, asegurar o bo funcionamento e estado da caixa de primeiros auxilios.*
- *Mantemento, orde e limpeza da instalación onde se garda o seu material.*
- *Realizar funcións de prevención para evitar accidentes antes de que se produzan.*
- *Funcións administrativas e de organización.*
- *Calquera outra tarefa de carácter análogo , dentro das propias da*



Con traballo a quendas, incluíndo fins de semana e festivos.

Co comezo inmediato do verán o Concello precisa contratar a dous socorristas e garantir as funcións anteriores na Praia fluvial de A Freixa. No expediente 3704/2023 constan unhas bases de selección de data 27 de abril de 2023, para crear lista de contratacións temporais de socorristas pero non se fixo ningún trámite máis.

Despois de constituírse a nova Corporación Municipal hai tres días e polas datas nas que estamos, resulta imposible levar a cabo un procedemento de selección ordinario que nos permita seleccionar en menos dun mes ao persoal. Por isto, é imprescindible articular un procedemento de cobertura e selección excepcional e áxil.

O artigo 27.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón que os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e considérense de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal de conformidade cos procedementos contemplados no convenio colectivo que resulte de aplicación. En todo caso, para a contratación deste persoal laboral non se poderá acudir ás empresas de traballo temporal."

2.- Proposta de criterios para a realización do proceso selectivo asinado polo Responsable de RRHH o día 23 de xuño de 2023 e informados pola Asesoría Xurídica o día 27 do mesmo mes .

3.- O informe do Departamento de RRHH de data 27 de xuño de 2023

4.- O informe da Interventora de data 27 de xuño de 2023

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na miña condición de alcaldesa, RESOLVO:

RESOLUCIÓN

Resolve

1.- Aprobar as bases de selección que se relacionan:

CRITERIOS AVALIACIÓN PROCESO SELECTIVO 2 SOCORRISTAS PARA CUBRIR PRAZAS DE FIXO DESCONTINUO EN INTERINIDADE

Os/as candidatos/as remitidos/as polo Servizo Público de Emprego para a selección de 2 Socorristas, CNO 59921017, para a formalización dun contrato temporal para cubrir as vacantes existentes durante a tempada de verán 2 meses e medio, deberán aportar COPIA da documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder avaliar os méritos que aleguen.

1. REQUISITOS MÍNIMOS DOS ASPIRANTES

1.- Os requisitos que a continuación se enumeran serán imprescindibles para o acceso ás prazas:

1. Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do



cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.

2. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
3. Ter cumpridos dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso a función pública.
5. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
6. Estar en posesión da titulación mínima de ESO (Educación Secundaria Obrigatoria), ou equivalente.
7. Os aspirantes deberán figurar inscritos como socorristas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais.
8. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data en que se formalice o nomeamento ou a contratación, salvo o de habilitante de socorrista, que deberá posuílo durante toda a contratación.

9. PUBLICIDADE

Aos efectos de maior publicidade, os presentes criterios serán publicados na páxina web www.ponteareas.gal.

3. PROCEDIMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo será a través de concurso - oposición e a puntuación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios do proceso selectivo, debendo ter superado a totalidade dos exercicios, salvo a proba de galego que será obrigatoria pero non eliminatória.



Os méritos acreditaranse mediante a presentación de fotocopias na data da convocatoria para a primeira proba. Se non se presentara fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado este non será tido en conta a efectos da súa puntuación.

1. **FASE OPOSICIÓN:** Será previa á fase de concurso e consistirá na realización da seguinte proba:

1- Probas físicas:

Os/as aspirantes poderán vir provistos de: bañador, gafas, gorro, aletas e traxe de neopreno.

Divídese en dúas partes, obrigatorias e eliminatorias cada unha delas:

1ª) Consistirá en correr a distancia que determinará o tribunal no momento da proba, entrar á auga e nadar a distancia sinalada igualmente no momento da proba ata un bañista/ manequín que simula afogarse, realizar zafaduras e control do accidentado e remolcar con seguridade ao accidentado ata a beira e deixalo con seguridade.

Neste exercicio valorarase toda a secuencia do rescate (entrada á auga, nado de aproximación, contacto co accidentado, zafadura, nado adaptado de remolque e extracción), o tempo de desenvolvemento da proba medirase ata que se deixa ao accidentado na beira con seguridade.

TEMPO	PUNTOS
1º mellor tempo	10
+5%	9
+10%	8
+15%	7
+20%	6
+25%	5
+30%	4
+35%	3
+40%	2
+45%	1
+50%	0

Todo aquel que realice a proba cunha diferenza de mais de 50% en relación ao mellor tempo considerarase que non superou a proba, e quedará eliminado do proceso selectivo.

Para as mulleres, de alcanzar un tempo maior, a puntuación comezará co tempo do primeiro clasificado + 10%.

2ª) **Proba de RCP:** Proba obrigatoria e eliminatoria. Os aspirantes obterán a cualificacións de aptos ou non aptos, podendo realizarse ato dous intentos.



Na RCP, valorarase a efectividade das compresión (profundidade das mesmas e un ritmo que deberá ser o máis próximo a 100 comp/min) e as cantidades de aire insuflado ao manequín, así como a correcta secuencia da manobra.

2. **FASE DE CONCURSO:** Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 3 puntos, nos seguintes termos:

Cursos e actividades relacionados con socorrismo acuático, natación, primeiros auxilios, animación ao tempo libre das Federación Española ou Galega de Natación ou outros organismos oficiais, a razón de:

- Cursos de 10 horas a 25 horas: 0,10 puntos
- Cursos de 26 horas a 50 horas: 0,15 puntos
- Cursos de 51 horas a 100 horas: 0,20 puntos
- Cursos de 101 horas ou mais:: 0,65 puntos

Puntuación por titulación académica:

Titulacións ou cursos	Puntos
Curso DESA en vigor	1
PNB, PER ou superior	1
Título TSAFDA	1
Título INEF	1
Curso Prevención de riscos laborais – mínimo 50 horas	1

No caso de que o aspirantes posúa dúas o mais titulacións académicas terase en conta a de maior nivel académico.

3. Criterios de desempates

En caso de empate, este resolverase a favor de aquel/a que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do proceso selectivo. Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 23/01/2023 pola que se fai público para o ano 2023 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOG 26/01/2023), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “V”.

4. COMISIÓN SELECCIONADORA - TRIBUNAL.

O tribunal de selección será nomeado pola Xunta de Goberno ou Decreto de Alcaldía, e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: Presidente, Secretario e 3 vogais, segundo o disposto no artigo 4 e) e f) do Real Decreto 896/91, do



7 de xuño, así como artigo 60 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 36 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.

En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

O tribunal, previo nomeamento por Resolución de Alcaldía, poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

5. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN

Os/as aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos nos tres días seguintes á publicación da lista definitiva de puntuación.

Asemade, deberán presentar o certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realízalas funcións propias a desenvolver.

2.- Presentar ante o Servizo Público de Emprego a oferta de emprego para a realización o proceso selectivo.

3.- Dar traslado desta Resolución os departamento de Intervención, Secretaría e Persoal.

RECURSOS: Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso- Administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29 /98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Documento asinado dixitalmente ao marxe

Manda e asíno a Sra. Alcaldesa

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

